

PAGAMENTO DAS TAXAS DO TÍTULO DE BACHARELATO

1. Ir á páxina web da oficina virtual da Axencia Tributaria de Galicia. Clicar en “Cidadáns”, e a continuación en “Pago de taxas e prezos”, “Iniciar taxa”. Clicar no símbolo do candado aberto.



2. Ábrese esta pantalla, na cal podes:

Autoliquidación e pago de taxas e prezos FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL. "Unha maneira de facer Europa" 1.0.27.0

Este servizo só é válido para o pago de taxas e prezos públicos. Para realizar o pago de **multas ou sancións** débese acceder ao servizo "Pago telemático de multas e sancións", para realizar o pago dunha **liquidación notificada** pola Atriga débese acceder ao servizo "Consulta e pago de débedas" e, no caso de querer realizar o pago dun **imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, transmisión de medios de transporte usado, sucesións ou doazóns**, débese realizar dende o seu correspondente servizo no momento da presentación telemática.

<p>Iniciar tramitación electrónica Cumprimentar o modelo de autoliquidación e realizar o pago da taxa. Poderá realizar o pagamento por dúas vías: - telemáticas con tarxeta de crédito/débito, Bizum ou cargo en conta Consulta de entidades colaboradoras no pagamento telemático - presencial: imprimir o modelo 731 cumprimentado para efectuar o pago presencial nunha entidade financeira colaboradora. Consulta de entidades colaboradoras no pagamento presencial</p>	
<p>Operacións realizadas e pendentes Accións posibles sobre operacións realizadas ou iniciadas: - consultar unha operación xa realizada - retomar unha operación pendente de finalizar - anular unha operación en fase inicial</p>	
<p>Descargar modelo en branco Modelo de autoliquidación para cumprimentar a man segundo as instrucións que lle facilite o órgano xestor da taxa ou prezo, efectuar o pago nunha entidade financeira colaboradora e presentalo no órgano xestor da taxa ou prezo.</p>	

- a) Clicar en “descargar modelo”. Descarga o impreso, por triplicado, que hai que cubrir a man e presentar no banco para o pagamento.

OLLO: En cada descarga o código identificador do modelo cambia, así que non se pode compartir o enlace nin fotocopiar o impreso. Cada persoa ten que descárgalo para si.

- b) Clicar en “Iniciar taxa”. É a opción que recomendamos, porque tamén se pode facer o pagamento presencial, pero o documento que imprimamos xa ten os nosos datos.

3. Cubrir os códigos e tarifas, e a continuación os datos persoais

1 Datos da taxa

Códigos

Consellería*
07 - CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Delegación*
13 - SERVIZOS CENTRAIS

Servizo*
03 - ENSINO MEDIO

Taxa*
302003 - EXPEDICIÓN DE TÍTULOS ACADÉMICOS E PROFESIONAIS CORRESPONDENTES ÁS ENSEÑANZAS ESTABLECIDAS POLA LOE E DOS SEUS DUPLICADOS

Obxecto de pago

Obxecto ou motivo do pago (máximo 280 caracteres)*
EXPEDICIÓN TÍTULO BACHARELATQ

Datos de pago

A ingresar*

Atrás Continuar

As tarifas son as seguintes:

Tarifa normal:	54,00€
Familia numerosa xeral:	27,03€ (Deberá presentar fotocopia do libro de familia e do título de familia numerosa xeral en vigor)
Familia numerosa especial:	0,00€ (Deberá presentar igualmente o impreso cuberto e fotocopia do libro de familia e do título de familia numerosa especial en vigor)

4. Para realizar o pagamento hai dúas opcións:

Autoliquidación e pago de taxas e prezos

1 Datos da taxa **2** Datos identificativos **3** Modo de pago

Escolle unha das dúas opcións para continuar co pago da taxa

Conexión coa plataforma de pagamentos para efectuar o pago telemático con tarxeta ou cargo en conta.
Se por calquera motivo non chegara a completar o pago, debe retomar o proceso de pago dende a sección "Operacións realizadas e pendentes".
[Consulta de entidades colaboradoras no pagamento telemático](#)

Pago telemático

Descarga do modelo de autoliquidación cuberto cos datos recén capturados (Mod. 731) para imprimir, efectua-lo pago presencial nunha entidade financeira colaboradora.
[Consulta de entidades colaboradoras no pagamento presencial](#)

Descargar modelo presencial

NOTA IMPORTANTE: Para xerar e descargar os documentos correctamente precisa a versión 7.0 ou superior de [Acrobat Reader](#)

Temos dúas opcións:

- Facer o pago Telemático.
- Descargar o modelo para pagar no banco. Son 3 follas.

No centro hai que presentar o xustificante de pago, xunto cunha fotocopia do DNI.